

de prevención de riscos laborais, non queda alterada polas modificacións que dela se levan a cabo mediante esta lei, con excepción da correspondente á relación de artigos do punto 2, a), da dita disposición, ós que deben engadirse os artigos 24, punto 6, e 32 bis.

**Disposición transitoria única.** *Documentación do plan de prevención de riscos laborais.*

Os empresarios que, no momento da entrada en vigor desta lei, non documentasen o plan de prevención de riscos laborais a que se refire a nova redacción do artigo 16.1 da Lei de prevención de riscos laborais e o artigo 2.1 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, deberán proceder a formalizalo por escrito dentro dos seis meses seguintes á entrada en vigor desta lei.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno  
en funcións,  
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**22863** *REAL DECRETO 1507/2003, do 28 de novembro, polo que se establece o Programa nacional de control das pragas de lagosta e outros ortópteros.* («BOE» 298, do 13-12-2003.)

As pragas de lagosta, *Dociostaurus maroccanus* (Thunberg) e *Schistocerca gregaria* (Forskäl), e outros ortópteros constitúen para as colleitas dos cultivos agrícolas en xeral un risco sempre presente na maior parte do territorio nacional, aínda que as súas poboacións se encontren normalmente localizadas en áreas xeográficas concretas ou ameacen determinadas rexións.

A intensidade destas pragas, así como a súa extensión e técnicas requiridas para o control das súas poboacións, esixen o emprego de medios extraordinarios de loita, non asumibles normalmente polos particulares. Por outra parte, polas características especiais da súa evolución biolóxica e dispersión territorial, é imprescindible combatelas en estados, localizacións ou fases en que os tratamentos fitosanitarios non teñen interese directo para os propietarios afectados por non incidiren economicamente nas súas producións ou propiedades.

Por todo iso, considerouse necesario adoptar un programa nacional de control das poboacións das pragas de lagosta e outros ortópteros de conformidade co artigo 15 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, no cal se establezan as medidas e actuacións

mínimas para a prevención e loita contra esas pragas, que revestirán a cualificación de utilidade pública. Todo iso, logo de informe do Comité Fitosanitario Nacional, de conformidade co artigo 6.a) do Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación e control de organismos nocivos dos vexetais aínda non establecidos en territorio nacional.

Na elaboración desta disposición foron consultados os sectores afectados, así como as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de novembro de 2003,

DISPONGO:

### CAPÍTULO I

#### Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto cualificar de utilidade pública a loita contra as pragas de lagosta e outros ortópteros asociados e establece-lo programa nacional de control das ditas pragas, de acordo co disposto no artigo 15 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O programa que se aproba e as medidas del dimanantes serán de aplicación en todo o territorio nacional.

### CAPÍTULO II

#### Obrigas e restriccións

Artigo 3. *Obrigas dos particulares e entes públicos.*

1. As persoas físicas ou xurídicas, propietarias ou arrendatarias de leiras ou predios, terán as obrigas seguintes:

a) Notificarlle inmediatamente ó órgano competente da comunidade autónoma a aparición de focos da praga, e proporciona-la información necesaria para a súa localización e unha estimación da súa extensión.

b) Facilitar en todo momento o acceso ás súas propiedades dos inspectores de sanidade vexetal e, se é o caso, das empresas adxudicatarias dos traballos de prospección ou tratamento fitosanitario.

c) Executa-las medidas obrigatorias do artigo 5 nas leiras ou predios en que a lagosta avive ou en que se detecte a presenza de poboacións importantes destas pragas, salvo que se dispoña o contrario de acordo co artigo 5.2.

2. A Armada e o Exército do Aire, coas reservas que poida implica-lo desenvolvemento das operacións militares, e a Mariña Mercante e a Aviación Civil, a través dos seus respectivos ministerios, comunicaranlle inmediatamente á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o avistamento polas tripulacións de naves ou aeronaves de nubes de individuos de lagosta en voo, masas destes sobre as augas

ou a chegada de individuos ás cubertas das naves, e informarán da súa posición xeográfica.

3. O Instituto Nacional de Meteoroloxía remitiralle ó órgano competente da Comunidade Autónoma de Canarias información periódica da predicción da intensidade e dirección dos ventos durante o período de posible aparición da praga de lagosta africana no ámbito territorial das illas Canarias. O dito órgano competente comunicarlle anualmente ó citado instituto o período do ano en que se precisa a mencionada información meteorolóxica.

#### Artigo 4. *Prospeccións.*

As comunidades autónomas en que existan poboacións endémicas de pragas de lagosta ou outros ortópteros efectuarán prospeccións anuais nas épocas adecuadas para determina-la presenza das ditas pragas, así como, se é o caso, para delimita-los lugares de posta ou as zonas de avivamento, co obxecto de determina-los termos municipais en que se realizarán as medidas obrigatorias.

#### Artigo 5. *Medidas obrigatorias.*

1. Para o control das poboacións das pragas de lagosta e outros ortópteros poderase adoptar algunha das seguintes medidas obrigatorias:

a) Labores culturais apropiados, especialmente de arada ou escarificación, nos lugares de posta ou avivamento.

b) Tratamentos insecticidas ou con medios biolóxicos contra as ninfas nos lugares de avivamento e cordóns e contra os imagos nos seus asentamentos e lugares de posta.

c) Calquera outra medida que se xustifique técnica ou cientificamente como necesaria para o control da praga.

2. As comunidades autónomas poderán establece-las condicións ou requisitos de aplicación das medidas consideradas no punto anterior. Cando a intensidade, extensión ou risco potencial da praga esixan medios extraordinarios non asumibles polos particulares ou cando sexa imprescindible combatela en estados, localizacións ou fases en que os tratamentos non teñen interese directo para os propietarios afectados, as ditas medidas poderán ser realizadas directamente por aquelas.

3. Ademais das medidas establecidas neste real decreto, as comunidades autónomas poderán adoptar outras complementarias que reforcen os efectos que se perseguen, incluído, en todo caso, o asesoramento técnico ós particulares.

#### Artigo 6. *Restriccións ás medidas obrigatorias.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 17 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, e sempre que iso non implique unha diminución inaceptable da eficacia das medidas obrigatorias a xuízo do órgano competente da comunidade autónoma, na aplicación das medidas obrigatorias teranse en consideración as restriccións seguintes:

a) Nos territorios obxecto de aplicación dalgunha lexislación de protección ambiental adecuaranse as medidas obrigatorias ás restriccións impostas naquela e, especialmente, respecto do disposto na Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres, na Lei 4/1989,

do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais da flora e fauna silvestres, e no Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garanti-la biodiversidade mediante a conservación dos hábitat naturais e da fauna e flora silvestres.

b) Adecuaranse as medidas obrigatorias ás esixencias da agricultura ecolóxica e integrada, nas parcelas acollidas a estes tipos de produción agrícola.

c) Establecerase unha zona de seguridade ó redor dos asentamentos de explotacións apícolas rexistradas segundo o Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, na cal non se realizarán tratamentos fitosanitarios que poidan causa-la morte dos enxames. A dita zona de seguridade será como mínimo dun raio de tres quilómetros, en caso de tratamentos aéreos, e dun quilómetro, en caso de tratamentos terrestres. Non obstante e cando as circunstancias así o aconsellen, a autoridade competente poderá empra-los titulares das explotacións apícolas afectadas a que procedan ó traslado das alvarizas a asentamentos afastados máis de cinco quilómetros da zona de tratamento.

### CAPÍTULO III

#### **Coordinación, financiamento e relacións entre as administracións públicas**

#### Artigo 7. *Coordinación.*

A coordinación xeral do programa levarase a cabo a través do Comité Fitosanitario Nacional, establecido no artigo 4 do Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación ou control de organismos nocivos dos vexetais aínda non establecidos no territorio nacional. Non obstante, co fin de favorece-la coordinación técnica do programa, así como para avalia-las novidades científicas e técnicas que deban incluírse nel, o dito comité poderá crear un grupo de traballo de expertos para a avaliación anual dos resultados obtidos e elaboración de propostas para a súa mellora. O dito grupo de traballo poderán estar composto por representantes dos órganos competentes das comunidades autónomas e por investigadores ou técnicos de centros oficiais de investigación, de universidades ou doutras unidades da Administración, así como por representantes da Dirección Xeral de Agricultura.

#### Artigo 8. *Colaboración financeira.*

O Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, dentro dos límites establecidos polos créditos dispoñibles para estes fins, colaborará coas comunidades autónomas no financiamento dos gastos dos tratamentos fitosanitarios e demais medidas de loita para a redución das poboacións de praga na contía de ata o 75 por cento dos gastos, sobre a base da información proporcionada de conformidade co disposto no artigo 9.

A contía dos fondos estatais previstos para a loita contra esta praga en cada exercicio distribuirase na conferencia sectorial correspondente de acordo, se é o caso, cos seguintes criterios orientativos:

a) A distribución dos gastos de loita contra a praga en anteriores exercicios, sempre que se prevexa a continuidade dos ataques.

b) Os datos dos ataques da praga en exercicios anteriores, dando prioridade á adopción de medidas naquelas zonas que sufran primeiro o ataque.

c) As medidas que as comunidades autónomas afectadas prevean adoptar no exercicio correspondente e a situación prevista que poida influír na orixe e progresión da praga.

**Artigo 9. Comunicación ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.**

Os órganos competentes das comunidades autónomas comunicaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación antes do 1 de decembro de cada ano:

a) Os resultados das prospeccións efectuadas de acordo co artigo 4.

b) As zonas en que se aplicaron medidas obrigatorias e os resultados da súa execución, desagregados segundo o tipo de medida aplicada, cunha valoración da eficacia obtida no control das poboacións de praga.

c) A información relativa ós pagamentos realizados como consecuencia dos tratamentos fitosanitarios e demais medidas de loita para a redución das poboacións de praga, de acordo co que estableza a normativa aplicable.

**Disposición derradeira primeira. Carácter básico.**

O disposto neste real decreto terá o carácter de normativa básica, ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

**Disposición derradeira segunda. Facultade de desenvolvemento.**

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto, así como para a modificación do programa cando razóns de urxencia o esixan, e, se é o caso, da porcentaxe da cal se establece o límite no artigo 8.

Dado en Madrid, o 28 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**22864 REAL DECRETO 1699/2003, do 12 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto, polo que se aproban normas de desenvolvemento do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige».** («BOE» 298, do 13-12-2003.)

No marco das medidas tendentes a articular unha rápida reparación de danos ós afectados pola catástrofe do buque «Prestige», o Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, estableceu un sistema de aboamento de indemnizacións a través dun mecanismo de subscripción polos afectados de acordos transaccionais co Ministerio de

Facenda, no cal os damnificados deben desistir e renunciar a tódalas súas accións xudiciais e a calquera reclamación indemnizadora extraxudicial derivada do sinistro, percibindo como contrapartida unha cantidade de diñeiro que se calculará a partir da valoración dos danos producidos.

En desenvolvemento dese real decreto lei, aprobose o Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto. Tal e como se expresaba na parte expositiva do real decreto, nel régúlase un sistema excepcional, alleo a calquera vía procedemental administrativa ordinaria, orientado a determina-las cantidades coas cales o Ministerio de Facenda podería chegar a asinar acordos transaccionais cos prexudicados polo sinistro do buque «Prestige» que voluntariamente o acepten.

Dentro deste sistema distínguense claramente dúas clases de danos: os que pola súa natureza precisan unha valoración pericial ou directa (artigo 4 do mencionado real decreto) e aqueles en que non se considera necesario acudir a actuacións periciais, podendo realizarse unha estimación obxectiva. A dita valoración obxectiva refírea o artigo 3 do Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto, a aqueles que percibisen axudas conforme o establecido no artigo 7 do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, e no artigo 7 do Real decreto lei 8/2002, do 13 de decembro.

Non obstante, os traballos desenvolvidos pola Oficina do Comisionado do Goberno para as actuacións derivadas da catástrofe do buque «Prestige» constataron a existencia de danos similares en determinados colectivos non tidos en conta nos mencionados artigos, como son os dos armadores non embarcados e os das propias confrarías de pescadores que deixaron de recibir uns ingresos recorrentes dos seus membros durante os períodos de veda, os cales parece conveniente que sexan incluídos no sistema de estimación obxectiva.

Noutra orde de cousas, tamén a dita oficina constatou a dificultade de fixar uns criterios comúns de estimación obxectiva a outros colectivos, como son os denominados comercializadores de primeiro nivel de peixes e mariscos, polo que parece conveniente que aqueles poidan optar entre o sistema de estimación obxectiva ou o de estimación directa.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro de Economía, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro da Presidencia e do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de decembro de 2003,

### DISPÓÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto, polo que se aproban normas de desenvolvemento do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige».*

Modifícase o artigo 3 do Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto, polo que se aproban normas de desenvolvemento do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige», que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 3. *Actuacións para a valoración de danos susceptibles de estimación obxectiva.*

1. Os criterios orientativos de estimación obxectiva serán de aplicación á estimación do lucro cesante ocasionado a aqueles que, de acordo coa